



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO

Lugar: Casa do Concello

Data: 7 de decembro do 2016

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 21.15 horas.

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

- No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretario don José Antonio Gómez Pedreira, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente do pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Pronunciamento sobre a urxencia da sesión**
- 2. Aprobación da acta anterior**
- 3. Toma de posesión da concelleira**
- 4. Xuramento ou promesa do cargo de concelleira**
- 5. Elección de novo alcalde**
- 6. Xuramento ou promesa do cargo de alcalde**
- 7. Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez**

DELIBERACIÓNS

D. José Antonio Gómez Pedreira, da conta da resolución da Dirección Xeral de Administración Local onde é nomeado como secretario- interventor para asistir unicamente a esta sesión plenaria debido á baixa por enfermidade da titular do posto.

A continuación da comezo a sesión.

1. Pronunciamento sobre a urxencia da sesión

Explica o señor alcalde en funcións que se tivo que convocar este pleno extraordinario e urxente ao recibir no concello a credencial de concelleira de dona Ana Isabel Alonso Taboada, e coa finalidade de restablecer o normal funcionamento da actividade municipal e deixar de realizar as tarefas como alcalde en funcións.

A urxencia é aprobada por unanimidade.

2. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade apróbase a acta da sesión anterior realizada o día 22 de novembro de 2016

3. Toma de posesión da concelleira

Na sesión plenaria realizada o día 22 de novembro de 2016, tomouse razón de renuncia presentada polo concelleiro Ovidio Rodeiro Tato, o que substitúe dona Ana Isabel Alonso Taboada, cuxa credencial foi remitida pola Xunta Electoral Central o día 1 de decembro de 2016.

Polo tanto procédese a toma de posesión da nova concelleira dona Ana Isabel Alonso Taboada.

4. Xuramento ou promesa do cargo de concelleira

A continuación a concelleira dona Ana Isabel Alonso Taboada promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

5. Elección de novo alcalde

Procédese coa votación para a proclamación do alcalde. Polo Sr. Xabier Canabal en nome e representación do grupo de Agrupación de Electores Veciñ@s de Boqueixón pregúntalle o Sr. secretario- interventor se a votación pode ser secreta ó que o respondendo o Sr. Secretario que é posible sempre que se someta a votación a proposta e exista acordo nese sentido polo Pleno.

A continuación procédese á votación e con 8 votos en contra do grupo do PP e 3 en a favor do grupo Agrupación de electores veciñ@s de Boqueixón, rexeitase a proposta procedéndose seguidamente a votación para a elección pública do Alcalde.

A eses efectos procédese segundo o establecido nos artigos 198 en relación co 196 da Lei Orgánica do Réxime Xeral.

Polo partido Popular propónse como candidato a D. Manuel Fernández Munín e pola Agrupación de Electores veciñ@s de Boqueixón a D. Xabier Canabal Fernández.
Realizada a votación o resultado da mesma e o seguinte:

-Votos para D. Manuel Fernández Munín : 8 (oito) votos.

-Votos para D. Xabier Canabal Fernández: 3 (tres) votos.

Do resultado da votación dedúcese que habendo obtido a maioría absoluta dos votos emitidos que representan a maioría absoluta dos membros da Corporación, queda elixido e proclamado Alcalde D. MANUEL FERNANDEZ MUNÍN.

6.Xuramento ou promesa do cargo de alcalde

O Alcalde elixido, don Manuel Fernández Munín, integrado na lista do PP, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, prometendo o cargo de Alcalde de Boqueixón con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

7.Acta de arqueo , inventario municipal e Fundación Pedro Pérez

O sr. secretario – interventor pregunta ós concelleiros sobre o coñecemento dos documentos que compoñen a acta de arqueo, inventario e fundación, ó que respostaron que se daban por enterados.

A continuación transcríbese dito documento:

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO A DATA 23/11/2016

Con motivo da toma de posesión do novo alcalde don Manuel Fernández Munín con data 7/12/2016.

CONCELLO

Existencias en bancos a 23/11/2016

| | |
|---|----------------|
| Abanca ES5120800320203110000344 | 511.524,16 € |
| Abanca ES6820800320253110000666 | 4.625,98 € |
| Banco de Sabadell S.A. ES8500812155180001001307 | 558.031,85 € |
| Banco de Sabadell S.A. ES9400812155110001029403 | 9.089,35 € |
| Banco de Sabadell S.A. ES7900812155190001029711 | 146.574,87 € |
| Banco Pastor S.A. ES 6602388225980660001061 | 1.250,83 € |
| Bankia ES9220384016946400000143 | 8.579,82 € |
| BBVA ES8901825947130200150124 | 88,46 € |
| Total | 1.239.765,32 € |

Activo

Inventario de bens

Valoración a data 23/11/2016 17.070.432,60
€

Pasivo

Préstamos concertados polo concello coa Deputación da Coruña

| | |
|---|--------------|
| PAI 2015 - periodo devolución 2019/2028 | 194.701,36 € |
| PAI 2016 - periodo devolución 2020/2029 | 190.085,67 € |
| Total | 384.787,03 € |

FUNDACIÓN PEDRO PÉREZ PÉREZ

Existencias en bancos a 23/11/2016

| | |
|---|--------------|
| Capital fundacional | 187.387,07 € |
| Banco Pastor S.A. ES1602388225950600415590 | 864,12 € |
| Abanca ES1720800320233040009489 | 543,78 € |
| Banco de Sabadell S.A. ES6500812155110001005211 | 1.256,75 € |
| Total | 190.051,72 € |

Polo Sr Alcalde electo don Manuel Fernández Munín dase lectura da seguinte declaración:

Concelleiros e concelleiras da Corporación Municipal
Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña
Veciños e veciñas de Boqueixón
Querida familia:

No día de hoxe o Pleno acaba de darme a confianza para ser o novo alcalde de Boqueixón. Un cargo que esixe, sobre todo, o compromiso de traballar arreo nun obxectivo prioritario: ser útil aos veciños e veciñas. E para iso hai que facer as cousas con sentido común, con honestidade e con transparencia; e comprométome a que sexa así.

Mais o Concello de Boqueixón non se fai só dende a alcaldía ou dende un grupo de Goberno. De aí que quero que as miñas primeiras verbas sexan un chamamento á colaboración de toda a sociedade, comezando polos veciños e continuando polos funcionarios e concelleiros, tanto do grupo de goberno como da oposición.

Os servizos públicos de Boqueixón son o produto do esforzo de todos, e pola miña parte asegúrovos que sempre tentarei buscar o máximo consenso nas decisións que teña que tomar. Estou convencido de que a capacidade de escoitar ten que ser unha das maiores cualidades dun alcalde, polo que serán benvidas as ideas e as opinións de todos.

Deste xeito tamén actuaron os meus antecesores no cargo de alcalde nesta etapa democrática. Debemos

agradecer, polo tanto, o traballo a prol de Boqueixón dos recentemente falecidos Luís Bragaña e Secundino Torres; e tamén o de Adolfo Gacio, Jesús Sanjuás e Ovidio Rodeiro.

Entre todos conseguiron facer do Concello de Boqueixón unha Institución forte, solvente e perfectamente estruturada. Unha administración que sigue avanzando con paso firme na mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas, por moitos cambios que houbese na cabeza visible da institución.

E a partir de agora o meu traballo vai estar orientado a continuar nesta senda de fortalecemento da Institución municipal, que é patrimonio de todos.

Centrándonos xa nesta lexislatura, a candidatura do Partido Popular de Boqueixón que acadou a maioría absoluta nas pasadas eleccións municipais o fixo cun programa claro, factible e cuantificable: a Estratexia Boqueixón 20 20, que contou para a súa redacción coa participación directa de mais de 900 veciños e veciñas en asembleas parroquias e sectoriais.

E por iso polo que este programa, non pode ser doutro xeito, continuará sendo a base sobre a que cimentar o traballo dos vindeiros anos. Así se ten feito dende que se iniciou esta lexislatura. E déronse pasos moi importantes neste senso.

Entre eles, gustárame destacar pola importancia que ten para o futuro de todos, a cancelación da débeda bancaria municipal, que deixa as contas en disposición de seguir mellorando, ampliando e consolidando os nosos servizos públicos.

- Mais tamén a reordenación dos traballadores municipais, para unha maior atención aos veciños e máis traballo no exterior do concello;
- a municipalización do servizo de abastecemento de auga;
- a redución dos impostos municipais do IBI de rústica e do ICIO, e a anulación de taxas administrativas;
- o potenciamento da área social, cun aumento do 25% nas horas de atención domiciliaria para casos de dependencia;
- o traballo para a posta en valor do Pico Sacro e doutros recursos patrimoniais e naturais;
- ou o aumento do esforzo no mantemento das infraestruturas e recursos municipais.

Tamén, e non menos importante, contamos coa colaboración e o compromiso da Xunta de Galicia para a realización de importantes investimentos infraestruturas. Aí está o reforzo do firme da estrada de A Susana a Ponte Ledesma, ou o aglomerado da estrada de Rodiño ao alto de Aríns.

Tamén é de destacar a aprobación da construción dunha senda peonil en Sergude ou o convenio dun millón de euros para ampliar e modernizar a rede municipal de saneamento, entre outras melloras.

Ese compromiso da Xunta de Galicia, estou convencido, será aínda maior nos vindeiros anos, agora que Ovidio Rodeiro ocupa a Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña. Que estas primeiras verbas como alcalde sirvan tamén para irlle pedindo máis investimentos para o noso Concello.

Os que me coñecedes mellor sabedes que a veces peço de ser unha persoa demasiado seria, segundo os meus fillos moitas veces; pero cando asumo unha tarefa poño toda a ilusión, o traballo e o compromiso.

Salvo nesta lexislatura na que actuei como tenente de alcalde, non teño experiencia política. Si creo que a miña formación, a experiencia profesional como asesor de empresas e o coñecemento da sociedade civil de Boqueixón despois do meu paso por varias asociacións me poden axudar nesta tarefa.

Por todo iso, e polos erros que poida cometer e que seguro que cometerei, pido a comprensión dos concelleiros deste Pleno, dos traballadores municipais e o perdón por anticipado aos nosos veciños e veciñas.

Moitas grazas.

Polo Sr. Concelleiro de Agrupación de Electores Veciñ@s de Boqueixón D. Perfecto Barcala Mosquera, pregúntaselle a Sra. Concelleira D^a Ana Isabel Alonso Taboada, se quere dicir tamén algunhas palabras pola toma de posesión, o que a interpelada manifesta que non.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario – interventor, do que dou fe.

Visto e prace

O secretario -interventor

O alcalde